



## Un tanque de tormentas para un saneamento real



## A Xunta de Galicia comprométese ante o goberno municipal a licitar esta infraestrutura ao longo do ano 2016

Un dos problemas que veñen de lonxe e que o goberno cedeirés ten como prioridade resolver é a necesidade de solucionar os fallos de funcionamento da estación depuradora para que o saneamento sexa efectivo. Os problemas obedecen á falta dunha rede separativa en moitas rúas e á descoordinación entre a xestión do bombeo e da propia EDAR, que orixina vertidos á rúa.

É cando o número de residentes da vila se multiplica, no verán, cando

a depuradora non ten capacidade suficiente para tratar os vertidos, de xeito que a solución que baralla o goberno -e que xa xestionou ante Augas de Galicia- é a construción dun tanque de tormentas. Os responsables deste organismo que depende da Xunta comprometéronse nas últimas semanas a licitar a obra neste ano con cargo a fondos europeos. O emprazamento que baralla o Concello é precisamente a zona próxima ao lugar que xa ocupa a depuradora. **Segue na páx. 5**

## sumario

» O alcalde, Pablo Moreda, saúda o boletín informativo As Sete Parroquias, que estará na rúa cada mes e medio **Páx. 2**

» O Concello dótase duns presupostos de 5.276.000 euros que dan prioridade aos asuntos sociais **Páx. 2**

» Este ano investiranse máis dun millón de euros en obras, entre as achegas da Diputación e os fondos municipais **Páx. 3**



» A XV Festa do Deporte premiou aos remeiros Raúl López Iglesias e Marcos Pernas Piñón **Páx. 4**

» O goberno fiscaliza por vez primeira as contas das festas e aforra máis de 36.000 euros con respecto ás do ano pasado **Páx. 4**

» Avances importantes na xestión dos servizos sociais municipais **Páx. 7**

## SAÚDA DO ALCALDE



**Estimados Veciños:** hoxe nace o boletín “As Sete Parroquias” do Concello de Cedeira, coa

vontade de ser un instrumento de comunicación cara a toda a veciñanza.

Son moitas as actuacións que o grupo de goberno levamos a cabo dende a administración local, a máis próxima aos veciños, e entendemos que debemos dárvolas a coñecer para que esteades ben informados do que sucede no día a día.

É difícil facer un resumo do que aconteceu nos últimos meses, por iso seleccionamos o que cremos que máis vos pode interesar, abranguendo todas as áreas.

A través deste boletín pretendemos achegar o Concello a todos vós, que sexa unha canle de transmisión de información: novas, subvencións solicitadas e concedidas, plans de investimento, actuacións medioambientais, actividades culturais..., e unha plataforma que fomente a comunicación continua entre os veciños e o Concello.

Para que toda Cedeira participe neste boletín, en cada número aparecerá unha entrevista a unha asociación, club deportivo ou entidades de interese. Animámonos a que aportedes suxerencias para melloralo, calquera proposta que consideredes interesante e que poida favorecer a calidade de vida de todos e todas nós.

En espera de que vos guste, recíbide unha cordial aperta.

**Pablo Diego Moreda Gil**

## O goberno xestionará este ano 5,2 millóns

Cedeira dispón este ano dun presuposto municipal que ascende a 5.276.842 euros. Trátase do primeiro documento orzamentario aprobado polo goberno de PSOE, BNG e Anova e ten como liñas mestras o reforzamento dos servizos públicos e un reparto máis equitativo dos investimentos.

O 42% dos gastos correspóndense cos de persoal, pero destaca o feito de que aos asuntos sociais resérvase un 20% do total. Outra partida importante é a destinada a pagar a recollida de lixo e a Sogama, cun 13%, mentres que o deporte leva un 7,5% e cultura e turismo un 5%, entre outras partidas. Os orzamentos contemplan a contratación dun peón máis e dúas persoas para o servizo de axuda no fogar.

O goberno municipal destacou que a Deputación Provincial da Coruña concederá a Cedeira máis de 200.000 euros dentro do PAI (Plan de Aforro e Investimento) para a mellora do acceso e ampliación da biblioteca, un importe que terá que devolver en dez anos sen intereses.

Por primeira vez este ano hai unha convocatoria pública de subvencións



para entidades socioculturais en réxime de libre concorrência, á que se reservan 20.000 euros para actividades e outros 6.000 para investimentos, pero ademais distribúense 195.380 euros entre asociacións que traballan na vila, como é o caso da Asociación Cultural Banda de Música de Cedeira, Protección Civil, Cruz Vermella, Asfedro, Sobre Rodas e as de nais e pais do colexio e o instituto.

## Rebaixa no IBI contra o “catastrazo”

Os presupostos municipais para este ano 2016 contemplan no aspecto económico unha rebaixa do Imposto de Bens Inmóveis, que pasa do 0,53% ao 0,50% para os urbanos e do 0,489% ao 0,46% para os rústicos. Pero a intención do goberno é, ademais, tentar que os valores catastrais sexan revisados á baixa e os veciños non teñan que pagar tanto.

O tripartito criticou o “catastrazo” que fixo en Cedeira o anterior goberno e insistiu en que é un compromiso dos tres grupos políticos que sustentan o actual equipo intentar aminoralo na parte do tributo ata

que se poidan revisar outra vez os valores, no 2018.

Tamén houbo outro axuste na taxa de recollida de residuos, pola desproporción que o goberno cre que existía en función dos tamaños dos locais. Os de menos de 100 metros cadrados estarán suxeitos a un prezo de 1,30 euros por metro, cun mínimo de 80 euros; os de alimentación, autoservizos e supermercados de ata 800 metros cadrados pagarán 2,20 por cada un deles e os de máis desta superficie aboarán 3,15 euros por metro cadrado. A recadación baixará en torno aos 100.000 euros.



# Máis dun millón de euros de inversión destinados a obras

Ampliar o cemiterio municipal, mellorar as infraestruturas deportivas da vila e pavimentar catro rúas urbanas por máis de 123.000 euros (unha delas leva ademais unha rede separativa que supón outros 59.000 euros) son algunhas das obras nas que se investirán os cartos que corresponden ao Concello dentro do Plan de Obras e Servizos da Deputación. Os fondos para inversión superan o millón de euros, dos que sairán de fondos propios do Concello menos de 250.000. A partida máis importante a levará a instalación de dúas pistas de pádel cubertas na zona do muro do campo de fútbol (148.000 euros), mentres que á construción de 112 novos nichos destinaranse máis de 56.000 euros.

Tamén con axudas da Deputación dotarase aos núcleos rurais de tecnoloxía Wimax, para que os veciños poidan ter acceso a internet e á televisión por cable. O 90% do rural quedará, deste xeito, conectado. Ampliarase ademais a biblioteca e mellorarase a súa accesibilidade, cunha partida de 249.000 euros. O alumado do paseo fluvial e do parque do Sagrado Corazón, a área de ocio de O Romeiro e a dotación de elementos para os parques biosaudables e infantís son outras das obras

previstas, xunto coa ampliación de puntos de luz no paseo da Madalena. Por outra banda, acondicionarase o contorno das depuradoras de A Corredoira e Cervo para poñelas de novo en funcionamento -están paradas desde 2011- e entregalas a Viaqua.

Un proxecto novedoso que se espera acometer este ano será a iluminación dos pasos de peóns da AC-566, cun sistema de leds que paliará as deficiencias actuais. E está pendente tamén o visto bo da Deputación para acometer a Variante das Pontigas, nun vial de propiedade provincial. O goberno indicou que o proxecto mellorará notablemente a seguridade nesta zona. O custo da obra será de 800.000 euros.



## ...A conexión pendente...

A Vía de Alta Capacidade entre Ferrol e Ortegal é unha das reclamacións históricas que os Concellos, Cedeira incluído, seguen a demandar. Cren que a súa posta en servizo sería básica para a economía local e contribuiría a frear a despoboación. A

conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Ethel Vázquez, recibía en novembro aos representantes de 15 municipios e dicía que se iría facendo a vía en función da dispoñibilidade orzamentaria, un compromiso que os alcaldes consideran insuficiente.

## O Concello quere a estación de buses

O pésimo estado da estación de autobuses de Cedeira levou ao goberno municipal a esixir da Xunta que solvete as deficiencias das instalacións -humidades, maleza, problemas cos postes da luz, etc.- en tanto non remata a concesión a Arriva Noroeste, o vindeiro

decembro. O obxectivo do Concello é obter a xestión deste espazo, unha cuestión que xa foi tratada nunha reunión do alcalde coa Dirección Xeral de Mobilidade. O goberno quere adicar as instalacións a fines sociais como forma de revitalizar a estación.

## Plans de mellora da mobilidade

Mellorar a mobilidade e a seguridade na circulación peonil e rodada é un dos compromisos do goberno cedeirés, e para iso xa tomou medidas como a supresión de seis bandas reductoras de velocidade en puntos nos que se tiñan rexistrado varios accidentes.

E no capítulo de mobilidade destaca tamén o remate dos trámites técnicos para poñer en servizo o alquiler de bicicletas. No último pleno aprobouse a nova ordenanza que regula as tarifas de uso, que se establecen en 15 euros por semana, 25 por mes e 40 ao ano.

## Os mellores deportistas recolleron os seus premios



Os remeiros do Club de Remo de Cedeira Raúl López Iglesias e Marcos Pernas Piñón foron recoñecidos como mellores deportistas do ano na XV Festa do Deporte cedeirés, que se desenvolveu o pasado 18 de marzo. Estes dous rapaces foron campións de España e campións de Galicia en dobre scull alevín masculino na modalidade de remo olímpico.

Ademais foron premiados outros deportistas das disciplinas de natación, triatlón, fútbol, atletismo, bádminton, deportes adaptados, taekwondo, hípica galega, karate, kickboxing, caza e pesca e baile deportivo. Na gala, o Concello fixo entrega ademais de va-

rias mencións especiais, que recolleron Manuel García Iglesias, rescatador do Helimer Galicia, polo seu valor; o Club Deportivo Apader, polos seus 20 anos de traxectoria; os gañadores da primeira medalla nacional para un equipo cedeirés, que foi na modalidade de remo hai 50 anos; José A. García Villar, campión do mundo de Ornitología Deportiva; os veteranos de bádminton polo seu bo papel no campionato de España e José Ángel López Villar, multipremiado en varias disciplinas de atletismo veterano.

A actividade deportiva ten unha importante presenza en Cedeira; proba diso son os 17 clubs que hai na vila.

## Exitosa estrea do Peixe Rock

O éxito da primeira edición do festival Peixe Rock en Cedeira o pasado Venres Santo non deixa lugar a dúbidas: o ano que vén, máis. Os tres grupos cos que se estreou a iniciativa encheron de música Cedeira desde as 22.30 horas ata as tres da mañá, porque o público quería máis e houbo moi bo ambiente. Kozmic Blues, Faraway Place e The Way Coole García Show, todos eles grupos emerxentes de Ferrolterra, fixeron de Cedeira na noite de Venres Santo o templo do rock. E os hostaleiros da vila tamén teñen que estar satisfeitos dos resultados da iniciativa para os seus negocios.

O Peixe Rock promete, deste xeito, converterse nunha cita obrigada para as vacacións de Semana Santa e para contribuír á dinamización do casco vello cedeirés.

## Unhas festas coas contas ben claras



Recén chegados ao goberno municipal, os partidos que o sustentan atopáronse co reto de organizar as festas patronais e as de Santa Ana en quince días, sen ter ningunha experiencia e obrigados a asumir uns contratos firmados pola anterior corporación. Traballando contra reloxo encontráronse coa grata sorpresa de que a veciñanza da vila mostrou o seu total apoio para facer as mellores festas posibles. A corporación municipal iniciou unha serie de reunións cos hostaleiros e comerciantes da vila nas que se plantexou a idea de facer as festas en varios espazos distintos.

Un dos logros máis importantes dende a xestión municipal foi conseguir a fis-

calización dos ingresos obtidos, aportando un número de conta para tal fin, a través das taxas impostas ás barracas e os donativos efectuados polo tecido empresarial cedeirés, ao cal agradecen a súa colaboración. Os gastos xerados polas actuacións dos grupos Sandford Music Factory, In-Logic e a actuación da Banda de Música Vila de Cedeira en pasarrúas pola zona vella foron sufragados integramente pola Asociación de Comerciantes e Hostaleiros do Casco Vello, sendo esta a súa aportación económica para as festas.

Os gastos das festas sumaron 109.341,64 euros, dos que hai que restar 26.870,5 euros procedentes de ingresos recadados a través de donacións (hostalería,

comercio, etc.) -10.205,5 euros- e da instalación de postos de venda ambulante e barracas -16.665 euros-.

No capítulo de gastos inclúense os derivados do pago das orquestras da patrona e Santa Ana (43.999,67 euros); os do resto de grupos musicais (49.161,97), o alumado (6.500) e os fogos artificiais (9.680). O aforro con respecto ao ano anterior foi de máis de 36.000 euros, máis de seis millóns de pesetas. Pero ademais o goberno tivo que pagar tamén débedas que se arrastraban do mandato anterior, concretamente das festas de 2014. Estas cantidades superaron 18.150 euros por un lado -de actuacións de grupos- e 11.968 por outro, dos fogos artificiais.

# O Concello impón unha política medioambiental activa

O turismo, xunto cos sectores forestal e pesqueiro, é unha das principais fontes de riqueza do municipio de Cedeira. Pero que poboación se multiplique en certas épocas do ano é unha cuestión a ter en conta cando se programan obras e servizos. Esta introdución é clave para entender a intranquilidade que despertaron no equipo de goberno (PSOE, BNG e Anova) os problemas de contaminación detectados no contorno do areal da Madalena e derivados do feito de que, coa chegada do bo tempo, triplícase o número de residentes en Cedeira. A partir dese momento, o Concello empezou a moverse para darlle unha solución a unha situación pouco recomendable para un municipio turístico.

A construción por parte da Xunta dun tanque de tormentas é o proxecto proposto polo goberno como primeira medida. E farase realidade de prosperar as xestións iniciadas ante Augas de Galicia. Os seus máximos responsables comprometíanse, hai unhas semanas, a executar este mesmo ano a obra con cargo ás axudas da Unión Europea. O goberno entende que é a mellor solución para un problema que vén de lonxe.



O executivo local aludiu aos erros cometidos polos gobernos do PP, como o de obviar durante anos o plan de control de vertidos de Concello, Augas de Galicia e Viaqua para, precisamente, previr a contaminación atallando posibles focos. Estes incumprimentos foron reiterados ao longo dos anos 2011, 2013 e 2014.

Desde a súa chegada ao Concello, o goberno cedeirés vela polo cumprimento

do citado plan, un compromiso que, coa execución do tanque de tormentas, valóranse como primeiras medidas para normalizar o funcionamento da depuradora.

O concello daralle continuidade xa á rede de separación das augas fecais e pluviais coas obras na rúa Amor Hermoso, rúa As Pontes e co acondicionamento da EDAR de Cervo e da EDAR da Corredoira

## Recollida de aceite usado para reciclar

A praza da Rectoral, a Avenida de Castelao e as inmediacións do Cristo da Ponte son tres dos sete puntos de recollida de aceite doméstico usado que, desde o ano pasado, están en funcionamento en Cedeira. O proxecto responde a unha iniciativa do Concello coa que se trata de evitar que o citado residuo sexa derramado por sumidoiros e váteres. O servizo require a colaboración dos veciños, que deben verter o aceite en botellas ou calquera recipiente de plástico antes de deixarllo nos contedores.

Tamén se puxeron en servizo papeleiras separativas para recoller plásticos e orgánicos.

## Reducir nun 70% o número de pombas

No seu día o Concello de Cedeira estimou en 500 exemplares o número de pombas residentes no municipio, unha cantidade que o goberno municipal considera esaxerada, sobre todo polas molestias que causan. Danos en coches e galerías, presenza de excrementos en fachadas e terrazas e ata esvarones na rúa son algúns

dos problemas máis habituais. Unha situación que o goberno municipal tratou de mudar coa contratación dunha empresa especializada. O proxecto desenvolvido consistiu na instalación de gaiolas nos lugares nos que a presenza destas aves é máis frecuente. O obxectivo é reducir nun 70% a comunidade de pombas.



# Un Concello que colabora

Cedeira non quere vivir illada do seu contorno e as moitas reunións e iniciativas conxuntas con outros concellos son boa proba diso. Así acontece no tema do emprego, unha das principais preocupacións dos responsables municipais e nas que o Consistorio cedeirés apostou por ir da man de Valdoño e Narón.

Os tres concellos presentaron conxuntamente a proposta **Territorio de Emprego**, coa que se pretende mellorar a inserción laboral dos desempregados e da que se beneficiarán sete veciños de Cedeira. Trátase dunha acción formativa con xornadas teóricas e prácticas dotada cun presuposto de máis de 73.600 euros, dos que a Xunta aporta 64.800.

## Cedeira participa en foros para poder desenvolver iniciativas conxuntas e reclamacións

A colaboración exténdese tamén ao campo dos servizos sociais, e así o alcalde de Cedeira asinou cos de Ortigueira, Mañón, Cerdido e Cariño un acordo para pedir conxuntamente a subvención da administración autonómica para o programa de apoio aos CIM (Centro de Información á Mu-



ller). A aspiración dos concellos é que a atención que se presta no centro de Ortigueira abranga tamén ao resto dos que firmaron.

A participación no **Grupo de Acción Local Pesqueira**, con profesionais

dos sectores pesqueiro, social, económico e público da Mariña e de Ortegaleira é outra liña de traballo na que queda reflectido o espírito colaborador de Cedeira. O alcalde, Pablo Moreda, é, co de Cariño o único representante dos Concellos neste grupo. Entre os

## .....Participación veciñal.....

Xunto á colaboración con outros Concellos da bisbarra, o de Cedeira está dando os pasos necesarios para aumentar tamén a participación veciñal nas decisións que se toman no Consistorio. Trátase de que a institución sexa un reflexo das inxerencias e opinións dos veciños e non de impor os asuntos sen contar con eles.



O proceso de elaboración do presuposto, contando coas achegas das asociacións; a consulta popular sobre o emprazamento do feirón mediante unha votación ou a concesión das subvencións culturais nun proceso de libre concorrencia para as asociacións (destínanse un total de 26.000 euros) son algúns exemplos desta vocación de dar participación á poboación nas decisións.

temas que se trataron nas últimas reunións desta entidade, pensada para deseñar a estratexia de desenvolvemento en materia pesqueira, están a creación dunha imaxe de marca para este territorio e o aumento das iniciativas encamiñadas á transformación e comercialización. O GALP disporá dun presuposto de 7,6 millóns de euros, dos que 5,7 serán para programas de axudas a proxectos produtivos e non produtivos.

Pero o apoio ao sector pesqueiro non só é visible na participación no GALP senón tamén noutras iniciativas do propio Concello como o **apoiamento á frota de volanta** nas súas reivindicacións.

E noutro foro, o da **Mancomunidade de Concellos de Ferrol**, no que tamén participa activamente Cedeira, hai abertas varias vías de traballo conxunto, como un concurso para contratar o prezo da enerxía eléctrica ou a creación dun ente turístico para xestionar esta política nas tres comarcas: Ferrol, Eume e Ortegal. Tamén en relación co turismo, unha das potencialidades da vila cedeiresa, o Concello suma a súa voz ás dos responsables municipais da Mariña lucense e ás dos alcaldes da bisbarra ortegana para re-



clamar da Xunta o recoñecemento do **Camiño do Mar** como ruta xacobeana oficial. Trátase de atraer peregrinos para poñer a esta zona á altura doutras polas que pasan os camiños a Compostela e de conseguir así os beneficios turísticos asociados a estes itinerarios.

E non se pode esquecer a participación como socio fundador de Cedeira no novo **Grupo de Desenvolvemento Rural**. Tamén no proxecto do **Xeoparque do cabo Ortegal**, neste caso

xunto con Ortigueira, Cariño, Cerdido, Moeche, San Sadurniño e Valdoviño e que ten como obxectivo poñer en valor o importante patrimonio xeolóxico desta zona. Os obradoiros sobre minerais que o Concello acaba de organizar son parte desta tarefa.

A administración local cedeiresa mantén tamén unha activa colaboración coa **Asociación da Memoria Histórica**, coa que desenvolverá nos meses de abril e maio unhas xornadas.

## A prioridade, os servizos sociais

Os servizos sociais son a prioridade para o goberno cedeirés. Este comezou o actual mandato traballando en colaboración coa ANPA para conseguir que quince nenos en risco de exclusión puidesen participar no campamento de verán Picapeixe, permitindo así a conciliación da vida laboral e familiar. O Concello facilitou a súa asistencia e fíxose cargo tamén da compra mensual para as súas familias durante o verán, xa que non foi posible nesta ocasión arranxar as cousas para que quedasen no comedor, como era a intención do goberno.

Dentro do mesmo ámbito do ensino, tramitouse e púxose en marcha o servizo de madrugadores, que permite aos nenos almorzar no colexio e dispor

de monitores que os atendan ata que comezan as clases. Desta iniciativa benefíciense tamén seis menores en risco de exclusión.

A ampliación de dúas plazas do servizo de axuda no fogar e outra que pasa de media xornada a completa para atención á dependencia -ata chegar ás 23 en total- e o aumento das partidas de axudas de emerxencia -que eran insuficientes para rematar o ano e tiveron que pasar de 3.000 a 4.000 euros- foron outras das primeiras cuestións ás que fixo fronte cando chegou o actual goberno.

Ademais, creouse unha bolsa nova para auxiliares de axuda a domicilio porque a que había era de 2007 e que-

dara obsoleta. De feito nin era posible tirar dela para cubrir as vacacións do persoal. Con este novo sistema contábase con profesionais aos que recorrer en caso necesario sen ter que acudir a empresas privadas.

Por outra banda, o Concello colabora con AFAL (Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias) na organización de obradoiros para estas persoas dous días á semana; e con Alcer (Asociación de Loita contra as Enfermidades do Ril) para a realización de actividades deportivas no pavillón e na piscina, aínda que neste último caso o programa non está limitado aos doentes do ril, senón que poden participar tamén outros enfermos.



# A rebeldía, xerme da Asociación de Maiores

**T**éñen a mirada de persoas alegres e gañadoras, daquelas que se senten triunfadoras dunha loita inxusta. E así foi para os maiores que viñan ocupando desde hai anos a segunda planta do auditorio municipal de Cedeira. Unha decisión do anterior goberno municipal obrigounos a abandonar as instalacións de sempre para resitalos noutras na praza Roxa. A imposición non foi ben recibida por moitos dos habituais, o que deu lugar a protestas, recollida de firmas e incluso a presentar unha queixa ante o Valador do Pobo.

Pero ese espírito de rebeldía xerminou na creación dunha entidade que hoxe se coñece como Asociación de Maiores de Cedeira e mesmo tamén, como non podía de ser doutra maneira, na recuperación dos seus dereitos sobre á sede primixenia. Nela volven citarse a diario arredor de 40 persoas que toman café, falan e xogan á baraxa. Alí celebran aniversarios, festas con baile incluído, e comparten o día a día cos que sinten que son os seus mellores amigos. Son na súa maioría mulleres, que presumen de estar nunha asociación democrática, que recoñecen que gozan cos chistes, “aínda que sexan verdes”, e que din que son poucos os homes, “pero os que veñen son guapos”. A asociación ten 70 membros, que pagan 12 euros ao ano.

Juana Cheda é a presidenta da entidade, mentres que Josefa Nebril ocupa o cargo de vicepresidenta, Josefa Leonardo actúa de secretaria e Matilde Méndez é a tesoreira. Ao botar a vista atrás, todas recoñecen que o mellor



do vivido foi a unión que se xenerou entre eles e o respecto que gañaron dos demais.

Falan entre elas de que o gran erro cometido polos anteriores responsables municipais foi a falta de diálogo, unha postura que os afectados interpretaron como menosprezo. “Inda despois

de ter presentado 800 firmas non nos tiveron en conta”, apunta a presidenta, a quen non lle gusta moito o apelativo de “guerrilleiras” co que no momento do conflito foron identificadas.

A situación normalizouse desde hai aproximadamente un mes, de aí que se sintan outra vez “na casa”. Agora son os socios os que se encargan de estar entretidos con celebracións, programas e obradoiros. A próxima serán os Maios e despois moitas máis, incluída a pri-

meira reunión de maiores do concello de Cedeira.

Pero o espírito reivindicativo permanece, polo que ante cualqueira mínima posibilidade, volve facerse presente. Inda que presumen de ter moi boa relación co actual goberno, xa están demandando ordenadores para avan-

zar nos contidos das actividades para os socios.

Juana Cheda tampouco quere deixar pasar a ocasión de agradecerlle a Antonio Rey a súa labor como primeiro secretario da entidade nin de lembrar que, no tempo no que os usuarios do centro se consideraron menosprezados polos anteriores gobernantes, os socios colaboraron economicamente e como man de obra para mantelo vivo. Unha vitalidade contaxiosa.

## “Son poucos os homes, pero os que veñen son guapos”, bromean